ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XDO. DE INSTRUCIÓN N. 1
SANTIAGO DE COMPOSTELA

-

RUA VIENA S/N
Teléfono: 981540425/6/7 **Fax:** 981540428
Equipo/usuario: MF
Modelo: 904100

DILIXENCIAS PREVIAS PROC. ABREVIADO 746/2018

N.I.G: 15078 43 2 2018 0001520
Delito/Delito Leve: CALUMNIA
Denunciante/Querelante: RAFAEL ALVARO MILLAN CALENTI
Procurador/a: EVA MARIA TOME SIEIRA
avogado: JESUS ANGEL ALONSO ALVAREZ
Contra: MIGUEL ANGEL DELGADO GONZALEZ
Procurador/a:
Avogado: ANA ISABEL ALVAREZ PRESAS

A U T O

En Santiago de Compostela, a dezaseis de novembro do dous mil dezaoito.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Mediante escrito repartido por quenda a este xulgado en data 24 de marzo de 2018,interpúxose querela pola Procuradora dona Eva María Tomé Sierra, actuando no nome e representación de don Rafael Álvaro Millán Calenti, contra don Miguel Angel Delgado González por un presunto delito de calumnias.

SEGUNDO.-En data 23 de maio de 2018 ditouse auto acordando admitir a trámite a querela presentada.

TERCEIRO.-En data 15 de novembro deste ano, pola Procuradora dona Eva María Tomé Sierra, actuando no nome e representación de don Rafael Álvaro Millán Calenti, presentouse escrito ampliando a querela contra don Miguel Angel Delgado González por un novo delito de calumnias e un delito de denuncia falsa.

RAZOAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO.- O escrito de ampliación de querela de data 15 de novembro deste ano, a xuízo desta Maxistrada, reúne todos os requisitos esixidos no artigo 277 da LACRM para a súa admisión.

Dos feitos expostos no corpo do escrito de ampliación de querela despréndense indicios da presunta comisión polo querelado dun novo delito de calumnias e un delito de denuncia falsa, razón pola cal procede a admisión a trámite da ampliación de querela.

Así mesmo deben praticarse as dilixencias de instrución acordadas de oficio e que se especificarán na parte dispositiva da presente resolución.

SEGUNDO.- Non procede a esixencia da prestación de fianza por ser o querelante o presunto ofendido polo delito obxecto de querela, e atoparse exento de dita obrigación ao abeiro do disposto no artigo 281 da LACR.

DISPOÑO

Admitir a trámite a ampliación de querela formulada en data 15 de novembro deste ano, presentada pola Procuradora dona Eva María Tomé Sierra, actuando no nome e representación de don Rafael Álvaro Millán Calenti, contra don Miguel Angel Delgado González por un novo delito de calumnias e un delito de denuncia falsa.

Declárase a pertinencia das seguintes dilixencias de instrución:

-Acórdase a declaración como investigado de don Miguel Angel Delgado González nas dependencias deste xulgado o día 6 de marzo de 2019 ás 09:15 horas.

ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

-Líbrese oficio á Fiscalía de Área de Santiago de Compostela para que remitan copia do seu procedemento "dilixencias de investigación penal 23/2018".

Póñase esta resolución en coñecemento do ministerio fiscal e demais partes comparecidas, advertíndoos de que contra a mesma poderán interpoñer, perante este Xulgado, recurso de reforma no prazo de tres días, e/ou apelación no prazo de cinco días.

Así o acorda, manda e asina dona ANA LOPEZ-SUEVOS FRAGUELA, MAXISTRADA do Xulgado de Instrución nº1 de SANTIAGO DE COMPOSTELA e o seu partido.- DOU FE.